

As imaxes da muller

Pablo Barreiro Vilas

**Profesor de Historia da Arte do IES
Xunqueira II**

Desde sempre a muller e a súa imaxe ten prendido na imaxinación de moitísimas xeracións de artistas, icase todos homes!.

Quizais nestes tempos do politicamente correcto, onde non obstante aínda hai que acadar uns dereitos pouco máis que teóricos nalgúns casos, sexa oportuno reflexionar sobre esas imaxes do feminino, que experimentaron tantas variacións e que non obstante só en contadas ocasións foron froito ou posesión da propia muller, xa que con frecuencia quedou en segundo plano respecto a moitos outros aspectos culturais, económicos, etc.

Loxicamente, o tema é complexo e dá para moito, e por razóns obvias non seríamos quen de expoñelo totalmente aquí, pero si que podemos tentar unha aproximación, necesariamente breve, principalmente a partir de exemplos da arte occidental, (entendida como a desenvolvida nos territorios de Europa e os Estados Unidos).




Fig.1

Ó longo do curso de Historia da Arte de 2º de Bacharelato aprendemos (entre outras cousas) que unha condición indispensable para a aparición de algo que podamos chamar arte é a existencia de seres humanos "pensantes". Os chimpancés, por exemplo, desfrutaban con obxectos máis ou menos fermosos, como o fixeron os *Australopithecus*, pero que saibamos no seu estado salvaxe non se interesan

en producilos (aínda que en cativeiro quizais sexa outra cuestión).

Coa chegada do *homo sapiens* non obstante, xa nos primeiros exemplos prehistóricos aproximadamente alá polo 17000 antes da nosa era, atopamos, ademais de moitas pinturas de animais ou de símbolos abstractos, representacións humanas.

E a inmensa maioría delas son de mulleres, aínda que resaltando sobre todo o seu papel clave na fecundidade (algo que non será raro tampouco posteriormente, como veremos). En total acháronse máis de 130 figuriñas de cadeiras e peitos xenerosos, (fig.1) que algúns críticos recentes teñen explicado como producidas por artistas femininas. Algo non de todo descartabel, e que tamén podería explicar que a día de hoxe sexan practicamente inexistentes as representacións inequivocamente masculinas atopadas (cando as hai case sempre son híbridos que mesturan home e animais), pois seguramente o seu papel era considerado de certo menos relevante.



Fig.2



Fig.3

Mais esta situación semella invertirse axiña, coa aparición das primeiras civilizacións urbanas, (Mesopotamia, Exipto) e dun mundo máis xerarquizado. Parece logo que o universo comeza a masculinizarse.

Para algúns historiadores isto podería coincidir coa toma de conciencia por parte dos homes da relevancia do seu papel na fecundidade, antes probablemente considerada unha cuestión exclusivamente restrinxida á muller. Entón desaparecen tamén a maioría deses híbridos e xorden os heroes e deuses máis típicos, agora case sempre homes, substituíndo esoutras imaxes ata daquela primordiais.

Pero tamén xorde a beleza do corpo coma obxecto artístico. E aí si que hai espazo para o feminino. Especialmente fermosas resultan por exemplo as imaxes de doncelas exipcias tanto na pintura como na escultura, onde con frecuencia a lixeireza do vestido, a súa vaporosidade, acadan unha calidade maxistral. Atopámonos entón cun canto á sensualidade, cun carácter case erótico onde a beleza física resulta xa un fin en si mesma (fig.2). Todo iso nunha civilización que sempre se nos presenta ós ollos occidentais como obsesionada unicamente polo máis alá e os aspectos relixiosos da vida (i).

Andando no tempo, vaise profundar nesa beleza física, que acabará por converterse en perfecta metáfora dunha "beleza moral", así coma en obxecto case único das representacións máis coñecidas, e aínda celebradas hoxe, das esculturas gregas.

Con todo, mantense a primacía do "macho", pois nun primeiro momento os artistas clásicos interésanse só na figura masculina espida, mentres as mulleres, para eles individuos de segunda clase, aparecen como portadoras de ofrendas, simples intermediarias nas relacións co transcendente.

Ora ben, coincidindo coa chegada das guerras e pestes do fin do século V antes da nosa era, unha nova xeración de artistas comeza a diversificar os seus intereses. Parecería como que a confianza absoluta neses homes perfectos se quebrase, co que as dúbidas e os sentimentos entran en escena. Aparece así entre outros temas novos o espido integral feminino (os primeiros pero non os únicos, como veremos). E a sensualidade acentúase.

Mais toda esa viveza desaparecerá coa chegada das chamadas tebras medievais. Pois para a maior parte de Europa a caída de Roma e a súa civilización urbana vai supor a reaparición dunha sociedade rural, máis ruda, e ferventemente relixiosa. Os artistas pasan a ser simples artesáns obrigados a transmitir a palabra do Señor para maior gloria da Igrexa. Outra vez os principios substituirán a vida! Nese contexto o corpo humano xa non se verá como fonte de beleza senón coma pozo dos pecados máis terribes.

E neste caso a muller ¡unha vez máis! levará a peor parte.

Os artistas desterran incluso o estudo do corpo espido, co que o coñecemento anatómico do corpo vaise esvaíndo (hai obras onde as figuras teñen costelas de máis ou de menos, por exemplo). Por iso a mostra dalgunha parte do corpo vaise asociar inmediatamente a ruindade e baixeza de espírito (todo o contrario do período anterior).



Fig.4

Un bo exemplo témolo na catedral de Santiago, no Pórtico de Praterías, onde un magnífico relevo que representa unha muller levando unha caveira no regazo, convértese na alegoría perfecta do pecado, como recordatorio do seu máis que funesto papel nas tentacións (fig.3).

Só haberá unha figura feminina digna neste período: a da Virxe María por suposto, que se ben co tempo permitirá a volta da imaxinería da muller, será loubada só como vehículo de fecundidade (outra vez), aínda que agora de xeito un pouco contradictorio, pois tampouco contempla a xa ben coñecida intervención masculina.

Algo despois, probablemente por influencia da cultura islámica, e coa aparición dos trobeiros e o amor cortesá, a muller diversificará a súa presenza e será de novo celebrada. Pero só de lonxe, ollo! Comezan así as representacións baixomedievais, claramente máis realistas, que voltan a representar, sequera timidamente, os sentimentos (un exemplo sería o retrato gótico que Walt Disney copiou para a súa madrastra de Brancaneves na película do mesmo título, fig.4).



Fig.5

Pero será un século despois, xa no pleno Renacemento, coa aparición dos novos clientes, os mecenas enriquecidos, que se recuperará totalmente o interese polo ser humano e a procura do fermoso.

A maior parte dos artistas perseguirán de certo ese obxectivo, atopar a obra perfecta, a beleza pura, con frecuencia encarnada agora nunha muller (o "nacemento de Venus" de Botticelli, por exemplo).

Aínda así, toda esa sensualidade irá sempre acompañada dunha certa mensaxe moral ou relixiosa, pois o "simple" espido como tal non resulta conveniente. Buscaranse logo todo tipo de coartadas na literatura, na mitoloxía, etc. que os fagan "aceptables".

Boa mostra destas "xustificacións" atopámolas en moitas das obras de artistas coma Tiziano, por exemplo na pintura onde recrea o mito de Dánae:



Fig.6

A doncela que foi posuída por Zeus en forma de chuvia de moedas de ouro; e que aínda así, no seu tempo, foi criticada ó considerala unha referencia demasiado clara á prostitución (fig.5).

Continuando na historia da arte occidental (na India por exemplo neste momento as cousas son ben diferentes) o novo estilo Barroco acentuará, agora máis sinceramente, esta sensualidade, cun canon de beleza ás veces excesivo para os nosos tempos onde a anorexia campa libremente (recordemos as obras de Rubens).

É costume asociar esta época ó gusto polo excesivo e recargado e así resulta a miúdo, pero nos retratos femininos podemos atopar as veces un aire máis libre, certa frescura e vitalidade que, fuxindo de convencionalismos, conseguen achegarnos maxistralmente á vida (fig.6).

E que dicir do século XIX, cando os nosos bisavós continuaron esa corrente, acentuada polos excesos románticos que vían nos amores máis ou menos fracasados ou fatais unha fonte de inspiración constante. Con frecuencia a imaxe da muller terá así un carácter de musa inalcanzable que corresponde ben con esa imaxe fatal que se potencia. Sen esquecer que por outro lado, cara a fin dese mesmo século, a expansión do proceso industrial e da fotografía popularizará outra imaxe feminina, a da muller "real", normalmente de clase baixa, retratada sen máis engadidos que as simples ocupacións da súa vida cotiá. Podemos dicir que aparecerán entón os pintores "voyeurs".

Logo destas achegas, a chegada dos últimos tempos viu a aceleración da arte (e de todos os acontecementos políticos, históricos, etc.), polo que os movementos vanse suceder provocando unha fragmentación case imposible de ser analizada.



Fig.7

Ademais, hoxe o artista realiza unha obra con frecuencia autobiográfica, cunhas claves individuais e non colectivas, que fan máis complexa a súa comprensión.

E as innumerabeis propostas convivindo ó tempo aportan aínda máis complexidade, incluíndo por suposto ós significados da representación da muller.

Con todo podemos citar algúns momentos relevantes, como os casos das vangardas cubista ou dadaísta co seu desexo por fundar unha arte nova, defendendo en ocasións mesmo a destrución do anterior (podemos citar aquí a famosa pintura da "Gioconda con Bigote", burla e metáfora dese "arte con maiúsculas" a exterminar e encarnado curiosamente nunha archicoñecida imaxe feminina, ¿queríase tamén eliminar o propio concepto de beleza?).

Un tempo despois criticouse, no movemento Pop, esa mesma sociedade delirante e os seus excesos, entre eles os consumistas, personificados unha vez máis nunha muller (fig.7).

Nese *maremagnum* creativo, a partir dos anos 70 do pasado século xurdiu incluso o intento

de definir unha "arte feminina", con experiencias variadas, ás veces mesmo ensumidas, e que non tiveron a homoxeneidade nin a forza suficiente para marcar, ata hoxe, un camiño propio.



Fig.8

Xa para rematar esta breve visión, dentro dese panorama de acelerada e furiosa elaboración de imaxes, outros medios a destacar poderían ser o cine (bastante fiel ó camiño marcado polas outras artes ata fai ben pouco tempo) ou o comic, unha "pequena arte" de gran difusión hoxe en día, onde a imaxe da muller se mostra igualmente conflitiva. Incluíndo aquí casos de fóra de Europa, pois o manga xaponés por exemplo, a pesar de estar dirixido tamén a mulleres, e de estar debuxado en moitos casos por elas, segue a perpetuar moitos dos convencionalismos que marcan os nosos tempos (mozas sempre novas, de pernas longuísimas e ollos inmensos, esaxeradamente pícaras e sentimentais, fig.8).

Como vemos o camiño é longo, as imaxes son moi variadas pero os significados non tanto.

No estado actual, quizais a historia da arte parece invitar a preguntarnos se sería necesaria unha estética nova que rompa todos estes prexuízos.

Ou máis ben sería necesaria unha moita maior presenza (e influencia) das mulleres en todos os aspectos da vida, non só no eido da creación artística?.

Pero esa é outra historia...